

## COMISIÓN DE PERSOAL EXTRAORDINARIA

Santiago de Compostela 06/08/2022

O pasado día 5 tivo lugar a Comisión de Persoal na que se trataron os seguintes puntos:

### MODIFICACIÓN DO DECRETO 93/1991 DE PROVISIÓN DE POSTOS:

Mediante a modificación formulase a creación do nivel 9 na Agrupación Profesional ao obxecto de dar cabida ao persoal funcionarizado das categorías V-01 e V-011. Segundo o exposto o incremento retributivo que suporía o encadramento é inasumible, refiren que todo o persoal terá incremento salarial entre os 150 e os 225€ anuais.

Ao non aportar máis datos e non poder contrastar a cuestión carecemos de elementos obxectivos que permitan confirmar o exposto, de ser certo.

Sentido do voto:

**UGT: en contra**      CIG: en contra.      CCOO: en contra.      CSIF: en contra.

### ORDEN INTEGRACIÓN DO PERSOAL DA EXTINTA EPOSH:

Despois dun ano xusto, Comisión de Persoal do 6 de agosto de 2021, volve á Comisión de Persoal o proxecto de Orde de integración, esta vez e segundo se nos transmite en reunión previa, porque xa contan cos documentos preceptivos da Consellería de Facenda.

Entendemos que estas non son as formas máis acaídas para o tratamento da cuestión, e pasamos a expoñer, logo das explicacións dadas nas xuntanzas, como expresión do sentido do voto, o seguinte:

**UGT** cree que tanto a LOFAXGA como o Decreto 129/2012 e o Decreto 165/2019, normas apoiadas por nos, dan unha inmejorable oportunidade para rematar con situacións dispares e de todo punto discriminatorias, pero neste caso preténdese vender unha falsa homoxenización da estrutura administrativa baixo parámetros que ditaminan as normas.

Non obstante o **proceso agora aberto**, de novo, **non debe servir para CONSOLIDAR DIFERENZAS RETRIBUTIVAS E DEREITOS ADQUIRIDOS ENTRE IGUAIS**. Lonxe de uniformar o réxime da Administración xeral da Comunidade Autónoma có réxime das entidades públicas instrumentais e homoxeneizar as relacións de emprego no ámbito do sector público autonómico, a fin de mellorar a eficacia na xestión do persoal e gañar en eficiencia, **estase a afondar en diferencias de trato retributivas con outros entes xa integrados**.

Polo anterior é polo que consideramos ao respecto do punto sometido a votación que:

- 1) Tendo en conta que se trata dunha norma publicada en DOG o 9 de abril de 2015, entendemos que o seu tratamento non deba responder a criterios de urxencia e celeridade na súa aplicación. Si ben é certo que debido o dilatado tempo transcorrido dende a súa publicación fai pensar, e así o transmite a persoa representante da Consellería, que as circunstancias de postos e persoas puideran cambiar e de feito non son as mesmas que no ano 2015. Entendemos así, que procedería o tratamento en reunión previa coa Consellería na que se desen **explicacións das circunstancias que levaron a que non se desenvolvese a mesma, razóns que a Administración coñecerá e que deba explicar, para publico coñecemento**.

De igual forma deberíase explicar a **situación xerada en aquel persoal que como consecuencia da non integración, no ano 2015, perdeu a oportunidade de ver homologado o seu salario ata igualar ao de postos análogos da Xunta de Galicia**, perdendo a oportunidade de que a día de hoxe as súas nóminas reflectan o que deba ser xa a homologación salarial real.

- 2) Solicitabamos aclaracións ao respecto do que puidera entenderse como certo **trato "privilexiado"** do persoal fixo de **determinados entes instrumentais fronte a outros**, xa que polas afirmacións vertidas nas citadas reunións ao **persoal da extinta EPOSH (2012)** e **"adscrito provisionalmente desde entón"** na Entidade Pública Empresarial **Augas de Galicia**, **se lle están mantendo as condicións retributivas de orixe** en virtude da existencia dun Convenio Laboral de aplicación (caducado ou non) ata que, de ser o caso, proceda a integrarse como persoal laboral da Xunta de Galicia, momento no cal lle será de aplicación o V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral.

**Resulta rechamante**, sen ter en conta a peculiar xustificación esgrimida ao respecto dos acordos e modificacións normativas que modifican substancialmente as expectativas do persoal que presentou solicitudes ao abeiro da mencionada orde, que **este persoal goce das condicións de orixe da entidade extinta, o que supón o mantemento dos seus emolumentos íntegros**, así como da retribución da súa antigüidade con respecto á situación laboral inicial, despois de nove anos adscrito provisionalmente. De tal xeito, que agora terá opción a integración laboral e a posterior funcionarización, de ser o caso, garantindo a consolidación da antigüidade como consecuencia da inacción da Administración, e favorecido polas normas aprobadas durante estes anos.

- 3) Tendo en conta o comentado no punto anterior, **podemos afirmar que existen situacións distintas acaecidas con persoal doutras entidades extinguidas**. En ditos entes, con convenios de aplicación distintos ao V Convenio, e non como se comentou nas reunións con aplicación do mesmo, **o seu persoal tivo que renunciar obrigatoriamente aos seus dereitos, e entre eles ás retribucións salariais e de antigüidade** percibidas ata o momento da extinción da entidade, aínda que o proceso de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no Decreto 129/2012, non se produciu ata case 5 anos despois, tempo non que estiveron en situación de "adscrición provisional" noutros entes instrumentais, nunha situación semellante á descrita para o persoal do EPOSH.

Ademais, este persoal, con tratamento diferenciado e menoscabado dos seus dereitos, tomando como referencia o que hoxe se vai a aprobar, nin sequera foron obxecto de aplicación do establecido na Disposición transitoria primeira do Decreto 129/2012, que declara que: *ao persoal que, como consecuencia do procedemento previsto no Título II deste decreto, experimente unha diminución en cómputo anual das retribucións brutas fixas e periódicas recoñeceráselle un complemento persoal de integración, de carácter transitorio, consistente na diferenza de retribucións.*

- 4) Por todo isto, **SOLICITAMOS** que as **condicións da integración**, para o persoal susceptible de solicitala, **SEXAN IDÉNTICAS EN TÓDOLOS ENTES INSTRUMENTAIS**, tanto nos que xa foron obxecto de extinción, modificación e/ou adaptación coa conseguinte afectación do seu persoal coma nos distintos procesos que se desenvolverán nos vindeiros meses. **REXEITAMOS O TRATO DIFERENCIAL PARA SITUACIÓNS IDÉNTICAS.**

- 5) Tampouco queda aclarado na documentación aportada:
- Si existe provisionalidade ou non na adxudicación das prazas integradas.
  - Si existirá ou non un concurso que permita ao resto de persoal poder optar ás mesmas.
  - Si se producirá ou non a adecuación salarial que preceptúa o Decreto 129/2012.

Sentido do voto:

**UGT: en contra.**    CIG: en contra.    CCOO: en contra.    CSIF: en contra.